



ANUNCIO

O alcalde por resolución, ditada o día 23 de setembro de 2025, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver a Resolución da Alcaldía nº 558/2025 de data 19 de xuño de 2025, na que se aprobaba a lista provisional de admitidos e excluídos en relación coa convocatoria para a cobertura en propiedade, polo sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, de 1 praza denominada TÉCNICO/A DE TURISMO, persoal laboral fixo discontinuo do concello de Miño.

Rematado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e non habendo alegacións durante dito prazo, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	D.N.I.
ANSEDE RIO, SUEVIA	**3477***
BASOA ANCA DUARTE	**6927***
BLANCO ATTIAS, CAROLINA	**1178***
BOCELO GOMEZ LUIS	**1557***
CARBALLEIRA GARCIA, RAMON JOSE	**7212***
FERNANDEZ - COUTO TELLA CONSTANZA	**6610***

EXCLUÍDOS/AS:

APELIDOS E NOME	D.N.I.	CAUSA DA EXCLUSIÓN
ALVAREZ ZAMORANO, MIGUEL	**2084***	1 e 2

(1) Falta DNI/NIE ou documento fidedigno en vigor que acredite a identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

(2) Falta modelo anexo I debidamente asinado.

SEGUNDO.- O tribunal cualificador do proceso selectivo será o seguinte:

- Presidenta: Dona María Pilar Souto Pan, funcionaria de administración local.
- Secretaria: Dona Paula Herraiz Blanco, funcionaria de administración local.
- Primeira Vogal: Dona Ángeles Pantín Morado, técnica local de emprego do Concello



de Miño.

- Segundo Vogal: Don Ángel Eiroa Pose, técnico de turismo da Deputación Provincial da Coruña.

- Terceira Vogal: Dona Elena Carro Vieites, técnica de turismo do Concello de Betanzos.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría primeira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, quedando fixado en 9 o número de máximo de sesións a devengar (45 asistencias), sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do Presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

TERCEIRO.- Convocar o tribunal para súa constitución e valoración dos méritos dos/das candidatos/as. as 09:30 horas do día 7 de outubro de 2025, na casa consistorial do Concello de Miño.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Miño, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Miño, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo